

DEPOSITO DE INERCIA

1. Análise de Ciclos frigoríficos para bomba de calor.

Partimos dun depósito de inercia comercial:

Depósitos de inercia para acumulación de auga fabricado en aceiro inoxidable F18 de alta calidade.

Acabado exterior con carcasa branca de poliéster reforzado con fibra de vidro para unha fácil limpeza.

Illamento mediante espuma de poliuretano inxectado, libre de CFC e da máis alta calidade.

Só é válido en circuitos de climatización cuxa presión de traballo non exceda os 4 bar e para temperaturas entre os 5°C e os 90°C.

Fabricado conforme á Directiva 2014/68/UE e Norma EN13445

Fabricado conforme ás directivas ErP 2009/125 CE e ELD 2010/30/UE

2. Características.

ACERO INOXIDABLE F18

Fabricado en aceiro inoxidable F18 de alta calidade.

SEN MANTEMENTO

A calidade do material empregado fai que non precise ningún mantemento. Non é preciso ningún tipo de protección catódica.

DECAPADO

Decapado e pasivado por inmersión, o que permite un perfecto tratamento das soldaduras do depósito tanto na cara interior como exterior.

SOLDADURA TIG

A máis alta precisión en soldadura, para limitar a presenza de poros.

ILLAMENTO

Illamento térmico en espuma de poliuretano inxectado.




3. Conexions

1. Conexión para purgador
2. Retorno fontes de calor I

3. Ida fontes de calor I
4. Retorno fonte de calor II
5. Ida fonte de calor II
6. Retorno circuito de calefacción I
7. Ida circuito de calefacción I
8. Retorno circuito de calefacción II
9. Ida circuito de calefacción II
10. Conexión para sondas e temperatura
11. Conexión resistencia
12. Baleirado

Modelo	C40
Ref.	1050062
Litros	200
1	1/2"
2	1 1/4"
3	1 1/4"
4	
5	
6	1 1/4"
7	1 1/4"
8	
9	
10	1/2"
11	
12	

4. DIMENSIONÍS



Modelo	C40
Ref.	1050062
Litros	200
Clase eficiencia enerxética	C
A	
ØB	600
C	
D	740
E	1300

5. CARACTERÍSTICAS TÉRMICAS

Depósito	Clase de eficiencia enerxética	Capacidade total	Superficie de intercambio do serpentín	Presión máxima do depósito	Temperatura máxima de operación	Peso baleiro
C40-200L	C	200 l	-	4 bar	90 °C	43 kg

Tempos de quecemento C40-200L

Energía subministrada	Tempos min.
10 kW	70
15 kW	46
20 kW	28
35 kW	20

1-Temperatura inicial 10°C; Temperatura final 60°C

6. Exercicios relacionados con esta unidade de traballo

1.- Dado o depósito C-40 200l o cal presenta auga a 15°C e quentase cunha resistencia eléctrica de 2200W

- Canto tempo tardara en alcanzarse os 55°C
- Calcula xustificadamente o vaso de expansión a instalarlle.

2.- Dado o depósito C-40 200l o cal presenta auga a 10°C e quentase cunha bomba de calor dunha eficiencia media de 3 ate os 50°C cun consumo de 1KW

- a) Canto tempo tardara en alcanzarse os 50°C.
- b) Xustifica a presión de enchido se alimenta fancoils o mesmo nivel que o depósito.
- c) Calcula xustificadamente o vaso de expansión a instalarlle.

3.- Dado o depósito C-40 200l o cal presenta conexión a unha bomba de calor como entrada e conexión a un circuito de fancoil por outro lado a través de chaves de bola 1"FF. Se leva unha sonda de temperatura, purgador e un termostato de inmersión nomea adecuadamente toda a racorería necesaria para facer as conexión ao depósito incluíndo os tapons necesarios.

7. Módulos vencellados con esta unidade de traballo

Ciclo superior de mantemento de instalacións térmicas e de fluídos

- 0121-Equipos e instalacións térmicas
- 0134-Configuración de Instalacións térmicas e de fluídos
- 0135-Mantemento de instalacións frigoríficas e de climatización

Ciclo superior de desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos

- 0121-Equipos e instalacións térmicas
- 0126-Configuración de instalacións frigoríficas
- 0126-Configuración de instalacións frigoríficas

Ciclo superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica

- 0121-Equipos e instalacións térmicas
- 0349-Eficiencia enerxética de instalacións

Ciclo medio instalacións frigoríficas e de climatización

- 0036- Máquinas e equipamentos térmicos
- 0039- Configuración de instalacións de frío e climatización.
- 0040- Montaxe e mantemento de equipamentos de refrixeración comercial.
- 0041- Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas industriais.

Ciclo medio de produción de calor

- 0036- Máquinas e equipamentos térmicos